



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > 8M no CEIP López Ferreiro

8M no CEIP López Ferreiro

Enviado por [admin1](#) [1] o Lun, 03/13/2023 - 13:27

[Curso 22_23](#) [2]

O [Equipo de Dinamización da Lingua Galega](#) do noso centro, está a coordinar a proposta **MULLERES IMPRESCINDIBLES NA VIDA DE COMPOSTELA**, que se desenvolve a partir do *Programa Donas de Si*, no que estamos a participar.

A través desta proposta achegámonos ao coñecemento e divulgación da figura e o labor de mulleres relevantes na historia da nosa cidade: *Rosalía de Castro, Maruxa e Coralia Fandiño Ricart, Ramona Vaamonde Fernández, Helena Villar Janeiro, Encarna Otero Cepeda, Margarita Ledo Andión e Verónica Boquete Giadáns.*

Pretendemos que este traballo sexa unha maneira máis de romper coa invisibilidade das mulleres.

Tivemos a sorte de poder contar para a *conmemoración do 8M con Helena Villar e Encarna Otero que desenvolveron encontros con alumnado de distintos ciclos. Ademais, e en colaboración co Equipo de Extraescolares,* visitounos **Marisa Vidal**, que nos acercou a Exeria, un dos referentes femininos da nosa historia, a través do seu traballo: *Eu son Exeria.*

Este mes tamén recibiremos a **Margarita Ledo**.

Visítade o blog do EDLG, para obter máis información: <https://edlglopezferreiro.blogspot.com/> [3]



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/528>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74>

[3] <https://edlglopezferreiro.blogspot.com/>